



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 17 DE XANEIRO DE 2025**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

**INTERVENTORA:**

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 17 de xaneiro de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 10.01.2025**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 10.01.2025 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO 2024**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.01.2025, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO 2024.**



O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de decembro 2024 que empeza por cun importe de 81,41 € e finaliza con cun importe de 44,26 € e se compón de 46 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.751,48 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de decembro 2024 que empeza por cun importe de 14,40 € e finaliza con cun importe de 32,40 € e se compón de 9 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 378,00 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **3. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000006**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.01.2025, que literalmente di:

#### **“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000006.**

#### **ANTECEDENTES**



**Datos ben inmoble:**

**Enderezo:**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000645857**

**Exercicio: 2024**

**Primeiro.** Preséntase solicitude para cambio de titularidade do recibo do servizo de recollida de residuos, comprobándose que procede a anulación do recibo do exercicio 2024.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Competencia**

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

**II. Normativa de aplicación**

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

**III. Feito imponible**

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

**IV. Devindicación**

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaríanse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producese con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

**V. Inscripción e variación de datos padronais**



O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2024, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

### VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondentes ao exercicio 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645857	20243515022RL01R001419					2024	68,25 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645857	20243515022RL01R001419					2024	68,25 €



**SEGUNDO.** Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

#### **4. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000008**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 15.01.2025, que literalmente di:

##### **“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000008.**

##### **ANTECEDENTES**

###### **Datos ben inmoible:**

**Enderezo:**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000646414**

**Exercicios: 2020/2021/2022/2023**

**Primeiro.** Preséntase solicitude para cambio de titularidade do recibo do servizo de recollida de residuos e a anulación dos recibos dos exercicios indicados.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

##### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

###### **I. Competencia**

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.



## II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

## III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

## IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

## V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

## VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro dos exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

## VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:



Concello de Cedeira

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000646414	20233515022RL01R001147					2023	58,63 €
253000646414	20223515022RL01R004219					2022	58,09 €
253000646414	20213515022RL01R004197					2021	59,78 €
253000646414	20203515022RL01R004175					2020	64,02 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribese aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000646414	20233515022RL01R001147					2023	58,63 €
253000646414	20223515022RL01R004219					2022	58,09 €
253000646414	20213515022RL01R004197					2021	59,78 €
253000646414	20203515022RL01R004175					2020	64,02 €

**SEGUNDO.** Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondentes ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.



**TERCEIRO.** Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**5. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA CON CIF G15132459. EXPEDIENTE: 2024/G006/000409**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

**“Expediente: 2024/G006/000409**

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrncia competitiva para clubs e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2024. Sociedade de Caza e Pesca Cedeira con CIF G15132459.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola Sociedade de Caza e Pesca Cedeira con CIF G15132459.

Visto o informe favorable de Intervención de data 13.01.2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propondr á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola SOCIEDADE DE CAZA E PESCA DE CEDEIRA con CIF G15132459.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.485,14 € correspondente á subvención destinada a actividades, e 766,85 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.





**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA CON NIF G70405733. EXPEDIENTE: 2025/G006/000002**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

“**Expediente: 2025/G006/000002**

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733.

Visto o informe favorable de Intervención de data 13 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 772,33 € correspondente á subvención destinada a actividades e abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



## 7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION MARES DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024 CON NIF G70429527. EXPEDIENTE: 2025/G006/000003

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE: 2025/G006/000003**

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a ASOCIACION MARES DE CEDEIRA para o exercicio 2024 con NIF G70429527.

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 12 de xuño de 2024 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asociación Mares de Cedeira.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 13 de xaneiro de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION MARES DE CEDEIRA para o exercicio 2024 con NIF G70429527.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 6.000,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIRO CON NIF G70327069. EXPEDIENTE: 2025/G006/000004

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

“**Expediente: 2025/G006/000004**

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrancia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIRO con NIF G70327069.



## PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIROS con NIF G70327069.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 13 de xaneiro de 2025 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 900,00€ na área de investimentos e, tendo depositada unha garantía por importe de 270,00€ correspondente a área de investimentos e unha garantía por importe de 903,78€ na área de actividades, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de actividades, 903,78€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, 208,00€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 695,78€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMERO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIRO con NIF G70327069 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 695,78€ correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. AAVV SAN XULIAN DE MONTOXO CON NIF G15232507. EXPEDIENTE: 2025/G006/000006**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

**“Expediente: 2025/G006/000006**



**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. AAVV SAN XULIAN DE MONTOTOXO con NIF G15232507.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola AAVV SAN XULIAN DE MONTOTOXO con NIF G15232507.

Visto o informe favorable de Intervención de data 13 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propondr á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola AAVV SAN XULIAN DE MONTOTOXO con NIF G15232507.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 816,00 € correspondente á subvención destinada a actividades e 398,08 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOC CULTURAL BUXAINAS CON NIF G15544018. EXPEDIENTE: 2025/G006/000010**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

**“Expediente: 2025/G006/000010**

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.



### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.

Visto o informe favorable de Intervención de data 14 de xaneiro de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponden á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMERIO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOC CULTURAL BUXAINAS con NIF G15544018.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 972,13 € correspondente á subvención destinada a actividades, e 463,22 € destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIERIA, CON NIF G15376692 PARA O ANO 2024. EXPEDIENTE: 2025/G006/000014**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.01.2025, que literalmente di:

**“EXPEDIENTE: 2025/G006/000014**

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieria, con NIF G15376692 para o ano 2024.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

O 10 de xullo de 2024 asinouuse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieria, con NIF G15376692 para o ano 2024. O obxecto do



convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita Anpa.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de xaneiro de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os gastos efectuados para a xustificación de parte da subvención percibida pola Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieria, con NIF G15376692 para o ano 2024.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada, polo importe xustificado da subvención, 2.100,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 12. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. AAVV DE REGOA CON NIF G15288228. EXPEDIENTE: 2025/G006/000018

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000018

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. AAVV DE REGOA con NIF G15288228.

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola AAVV DE REGOA con NIF G15288228 con NIF G15288228.



Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de xaneiro de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola AAVV DE REGOA con NIF G15288228.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención 900,00 € correspondente á subvención destinada a actividades, e 426,94 € correspondente a subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**13. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 20.12.2024, P.A. 84/2024 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000004)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 20.12.2024, P.A. 84/2024 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000004)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 20.12.2024 (rex de entrada nº 20250000000098, de data 13.01.2025) en relación co procedemento abreviado P.A. 84/2024 de contra o concello de Cedeira, cuxo fallo di:

*“(…) SE ESTIMA el recurso contencioso administrativo interpuesto por la procuradora Sra. Vázquez Corte en el nombre y representación invocada contra la desestimación por silencio administrativo de la reclamación de responsabilidad patrimonial objeto del presente procedimiento, SE DECLARA la responsabilidad patrimonial del Concello de Cedeira y SE LE CONDENA a abonar a la cantidad de DOSCIENTOS NOVENTA Y NUEVE EUROS Y SETENTA Y CUATRO CÉNTIMOS (299’74 €) más los intereses legales a contar desde la fecha de presentación de la reclamación en vía administrativa. Las costas por honorarios de letrado del demandante se*





imponen a la administración demandada con el límite máximo de 400 € por todos los conceptos, incluido el IVA, en su caso, sin perjuicio del límite previsto en el artículo 139 4º de la LJCA si de su aplicación resultase una cantidad inferior.

Notifíquese esta sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso de apelación y sólo podrá ser objeto de recurso de casación en las condiciones dispuestas en el artículo 86 de la LJCA.(...)”

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**14. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 18.12.2024, P.A. 96/2024 DE CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000005) CONTRA O**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.01.2025, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 18.12.2024, P.A. 96/2024 DE CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000005)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 18.12.2024 (rex de entrada nº 202500000000097, de data 13.01.2025) en relación co procedemento abreviado P.A. 96/2024 de contra o concello de Cedeira, cuxo fallo di:

*“(…) SE ESTIMA PARCIALMENTE el recurso contencioso administrativo interpuesto por la procuradora Sra. Rodríguez Arroyo contra la Desestimación por silencio administrativo de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por ante el Concello de Cedeira el 27/9/2023 por las lesiones sufridas por ella el 23/5/2023 debido al deficiente estado de instalación, mantenimiento y conservación de uno de los cristales de cierre de las pistas municipales del Concello, que se anula por no ser conforme a derecho, se declara la responsabilidad patrimonial de la administración y SE CONDENA al Concello de Cedeira a abonar a la demandante la cantidad de SIETE MIL VEINTE EUROS Y SETENTA Y NUEVE CÉNTIMOS (7.020’79 €) más los intereses legales de dicha cantidad a contar desde la presentación de la reclamación en vía administrativa. Sin costas.*

Notifíquese esta sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso de apelación y sólo podrá ser objeto de recurso de casación en las condiciones dispuestas en el artículo 86 de la LJCA.(...)”

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da sentenza.





**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**15. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/  
ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 18.12.2024, P.A. 96/2024 DE  
CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000005)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.01.2025, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/  
ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 18.12.2024, P.A. 96/2024 DE  
CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000005)**

Vista a sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 18.12.2024 (rex de entrada nº 202500000000097, de data 13.01.2025), en relación co procedemento abreviado P.A. 96/2024 de  
contra o Concello de Cedeira.

Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 10.01.2025 (rex de entrada nº 202500000000144, de data 15.01.2025) pola que se acorda declarar firme a sentenza ditada.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**16. ASUNTOS VARIOS**

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ